



OTRAS ENTIDADES Y ANUNCIOS PARTICULARES

EMPRESAS Y SOCIEDADES

FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS

Bases para posto de dirección da Fundación Refuxio de Anmais

O Padroado da Fundación Refuxio de Anmais na reunión celebrada no Pazo de Raxoi do Concello de Santiago de Compostela o día 13 de febreiro de 2026, acorda a publicación de estas bases para o proceso selectivo da Dirección do Refuxio de Bando e do persoal veterinario, no Boletín Oficial da Provincia, establecendo un prazo de 30 días para presentación de solicitudes dende a súa publicación.

POSTO DE DIRECTOR/A DO REFUXIO DE ANIMAIS DE BANDO

A Fundación Refuxio de Anmais, que baixo a forma dunha entidade sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia, como fundación de interese galego, ten a encomenda estatutaria de xestionar o Refuxio Municipal de Anmais do Concello de Santiago de Compostela, sen prexuízo de que estenda as súa actuación á zona de influencia que poida determinarse dentro da Comunidade Galega.

Ademais atribúenselle outros obxectivos como a realización de actividades de xestión, coordinación, asesoramento, docencia e investigación en materia de coidados e asistencia dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, promovendo a eficacia e eficiencia e seguridade dos animais e do seu entorno.

A materialización de estes obxectivos necesita dunha dirección que será o órgano unipersoal de xestión da Fundación, que en ningún caso excederá de 4 anos prorrogábeis.

Preténdese así consolidar as principais fortalezas da Fundación Refuxio de Anmais como centro público de acollida de animais sen fogar.

A materialización destes obxectivos aconsella acometer un proceso de selección para a Dirección da Fundación Refuxio de Anmais, cuxo funcionamento está detallado nestas bases.

O proceso de selección seguirá unha filosofía de transparencia, abertura e concorrència para que, atendendo aos principios de mérito, capacidade e igualdade, conclúa coa elección da persoa máis adecuada para o posto e, con ela, a consecución dos obxectivos de organización, desempeño e resultados fixados para a institución.

OBJECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da convocatoria o proceso de selección para a proposta do nomeamento do posto de Director da Fundación Refuxio de Anmais, con sede en Santiago de Compostela.

2. FUNCÍONS

Entre as funcións da dirección do Refuxio tal é como se recolle no artigo 17 dos Estatutos son:

- i. Executar e facer cumprir os acordos do Padroado e as instrucións do presidente impartidas no marco das súas atribucións.
- ii. Exercer por delegación do presidente a representación da Fundación sen prexuízo da representación que lle corresponde ao vicepresidente nos supostos de ausencia do presidente.
- iii. Propoñer e executar as estratexias e políticas de actuación da Fundación.
- iv. Dirixir, xestionar e inspeccionar, consonte as directrices do Padroado, a organización e actividades da Fundación que conduzan á consecución e mantemento dun alto nivel na práctica asistencial e demais fins da entidade.
- v. Establecer, aprobar e facer cumprir as normas de funcionamento interno da Fundación.
- vi. Elaborar e propoñer ao Padroado o orzamento anual de gastos e ingresos e se é o caso, as súas modificacións.
- vii. Administrar o patrimonio segundo as leis e as atribucións conferidas polo Padroado.
- viii. Ordenar os pagamentos e a xestión de tesourería de acordo cos criterios aprobados polo Padroado.
- ix. Dentro dos límites establecidos polo Padroado adquirir bens e servizos e contratar obras.
- x. Propoñer ao Padroado o nomeamento e cesamento dos cargos directivos.

xi. Desenvolver a política de persoal deseñada polo Padroado e para tal fin executar os acordos do Padroado sobre o réxime retributivo.

xii. Informar regularmente ao Padroado dos resultados da xestión, e financeiros e especialmente, preparar a memoria do exercicio e o balance da situación.

xiii. Exercer, en caso de urxencia, por delegación do presidente, as acción, excepcións, recursos e reclamacións xudiciais e administrativas en defensa dos dereitos e intereses da Fundación e informar ao Padroado na primeira sesión que se realice.

xiv. Calquera outra función que lle delegue o Padroado dentro dos límites establecidos na lexislación vixente.

A estas funcións principais súmanselle os novos compromisos da administración municipal para impulsar e actualizar o seu funcionamento, a través das seguintes accións:

a. Reactivar as relación e sinerxías co tecido asociativo que traballa no eido da protección animal.

b. Colaborar activamente coas entidades públicas e privadas do mundo da protección animal e medio ambiente, co fin de mellorar a atención aos animais no Refuxio ou promover campañas en prol da protección animal conxuntas.

c. Traballar na procura de recursos externos para o bo funcionamento e autonomía da Fundación como subvencións, doazóns ou patrocinios.

d. Garantir unha política de sacrificio cero nas instalacións

3. PRESENTACIÓN DAS CANDIDATURAS.

Os aspirantes deberán presentar a súa instancia, comunicando o seu desexo de participar no proceso selectivo; acompañada en sobre pechado da documentación xustificativa dos requisitos e méritos alegados, así como da memoria, no Rexistro Xeral (Rúa Presidente Salvador Allende nº4 baixo, Galeras).

4. REQUISITOS DAS CANDIDATURAS

As candidaturas presentadas deberán reunir os seguintes requisitos:

a. Estar en posesión da nacionalidade española ou dun país membro da Unión Europea. Caso de nacionais de países non membros da Unión Europea o nomeamento quedará condicionado á obtención da residencia legal en España.

b. Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de cargos públicos.

c. Dispoñibilidade horaria para traballar en horarios diferenciados.

d. CELGA 4 ou equivalente.

e. Estar en posesión dun título de Grado universitario ou equivalente.

f. Presentación dun CV, con especial referencia aos méritos a valorar na entrevista.

g. Presentación dunha memoria de actuación a 4 anos no Refuxio, definindo fins, valores e obxectivos do mesmo, así como a estratexia, liñas de actuación e posible actuación ou campañas que se pretenden desenvolver con outras entidades implicadas. A memoria terá un máximo de 20 páxinas, tipo de letra arial, tamaño 12, entreliñado sinxelo e páxinas numeradas.

5. PROCESO SELECTIVO.

O proceso selectivo consistirá en dúas probas: unha entrevista curricular, sobre os méritos alegados -e no seu caso acreditados- polo aspirante; a presentación e defensa da memoria ante o órgano de selección; e unha proba teórico práctica.

a) Os méritos a ter en conta serán os seguintes:

i. Coñecemento do contexto de Santiago e arredores sobre a situación de abandono e estado dos animais, sobre todo cans e gatos. (Máximo 1 punto).

ii. Experiencia na captación de recursos e colaboración con outras entidades privadas ou públicas. (Máximo 1 punto)*

iii. Experiencia no desenvolvemento de campañas de dinamización de entidades e xestión de voluntariado. (Máximo 1 punto)*

iv. Manexo de paquetes ofimáticos e outras ferramentas informáticas de xestión relacionadas coas funcións do cargo. (Máximo 1 punto).

v. Ter colaborado como voluntaria ou voluntario en asociacións do eido animalista, medioambiental ou nun Refuxio de Animais. (Máximo 1 punto por 2 anos de voluntariado)*

vi. Formación académica complementaria, na área de coñecemento do posto, igual ou superior á esixida como requisito. (Máximo 0,5 puntos).*

- vii. B1 en lingua estranxeira. (Máximo 0,2 puntos).*
- viii. Formación económico-financeira .(Máximo 2 puntos). *
- ix. Experiencia en xestión pública ou en dirección de entidades sen ánimo de lucro con financiamento público. (Máximo 2 puntos, por dous anos). *
- x. Curso sobre benestar animal ou da lexislación actual realizados por algunha institución pública ou homologados . (Máximo 1 punto, correspondendo 0.1 puntos por cada 50 horas de curso).
- * Méritos a acreditar mediante certificado académico, profesional ou laboral.
- b) Memoria: deberá permitir a toma en consideración dos coñecementos dos aspirantes sobre as funcións e as técnicas de actuación do director do refuxio (Máximo 2 puntos). Os criterios de valoración serán os seguintes:
- i. Obxectivos, contido e calidade do proxecto.
- ii. Realidade e rendibilidade do mesmo.
- iii. Incrementos programados: número de entidades locais adheridas ao Refuxio, ingresos ordinarios, organizacións de voluntariado adheridas ao Refuxio, programa de adopcións e apadriñamentos.
- iv. Visualización e difusión do proxecto.
- v. Plan de saneamento económico-financeiro.
- vi. Medidas para reducir déficit e dependencia de subvencións.
- vii. Mellora dos sistemas de control interno e transparencia.
- c) Proba teórico-práctica eliminatoria escrita, tipo test ou de desenvolvemento, que incluírá, os seguintes contidos (Máximo 8 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 4 puntos para superala proba):
- Organización e funcionamento das fundacións do sector público.
 - Xestión orzamentaria e financeira en entidades públicas.
 - Contratación pública básica.
 - Subvencións: xustificación, control e reintegros.
 - Responsabilidade dos órganos directivos.
 - Normativa benestar animal.
 - Balance de situación, conta de perdas e ganancias.
 - Problemas estruturais: déficit, falta de fondos propios, tensión de tesouraría.
 - Contabilidade financeira e analítica.
 - Lexislación laboral básica.
 - Realidade da protección animal en Galicia.
 - Patoloxías de cans e gatos.

6. ÓRGANO DE SELECCIÓN

A comprobación dos requisitos corresponderá a unha comisión integrada por funcionarios.

A avaliación discrecional dos méritos e memoria corresponderá ao órgano de selección, nomeado polo Padroado da Fundación.

Rematado o proceso selectivo, este elevará ao presidente da Fundación unha proposta de contratación, na que aparecerán o/a candidato/a que obteña a máxima puntuación e ordenados por puntuación os aspirantes que cumprisen os requisitos esixidos. Dito órgano rexerese polo disposto na Lei 40/2015, do 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

7. DURACIÓN DO CONTRATO E REMUNERACIÓN

O posto será a xornada completa, por 4 anos prorrogables por unha vez e contrato de alta dirección.

O salario bruto anual será de 22.601,04 €, pagas extraordinarias incluídas, e con custes de seguridade social da empresa 7.900,80 para o ano 2026 completo.

En Santiago de Compostela a 24 de febreiro de 2026

Asdo. Xesús Manuel Domínguez Domínguez

Vicepresidente da Fundación Refuxio de Animais